


Revista trimestral do Ateneo Ferrolán **ABRIL - MAIO - XUÑO 2010**

ATENEA

Nº 37

17 de Maio
DIA DAS LETRAS GALEGAS



Queda Prohibido

Queda prohibido llorar sin aprender,
levantarte un día sin saber que hacer,
tener miedo a tus recuerdos...

Queda prohibido no sonreir a los problemas,
no luchar por lo que quieres,
Abandonarlo todo por miedo,
No conventir en realidad tus sueños,...

Queda prohibido no intentar comprender
a las personas,
pensar que sus vidas valen menos que la tuya,
no saber que cada uno tiene su camino y su dicha..

Queda prohibido no crear tu historia,
no tener un momento para la gente que te necesita,
no comprender que lo que la vida te da,
también te lo quita..

Queda prohibido, no buscar tu felicidad
no vivir tu vida con una actitud positiva,
no pensar en que podemos ser mejores,
no sentir que sin ti, este mundo no sería igual...

Pablo Neruda

Cartel Feria del Libro de Bogotá.



ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº 37
abril - maio - xuño 2010


Dirección e Coordinación: ATENEO FERROLÁN
Redacción e administración:
Rúa Magdalena 202-204 - Ferrol (Galiza)
Teléfonos: 981.357.970, 981.354.098
Fax: 981.354.098

E_mail: **secretaria@ateneoferrolan.org**
WEB: **www.ateneoferrolan.org**

ISSN: 1575-9679
Depósito legal: C-1937/99

Patrocina:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Sumario

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**
COLABORACIÓNS **Rosa Méndez Fonte, Eliseo Fernández, Alberto Sucasas, David Fernández García, Lupe Ces, Ana Martín García.**

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores. A tod@s eles, grazas!

Agradecementos as empresas publicitarias pola súa confianza:
A ESCOLA DA VACA, MESÓN O ESCUDO, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA.





"…EIQUÍ ESTAMOS, CELEBRANDO AS LETRAS DA NOSA LINGUA, DA NOSA DIFERENCIA, O VERBO ORIXINARIO, DEPOSITARIO DA MEMORIA COMÚN…"

Son palabras do gran poeta do Courel, poeta de Galicia, poeta, a quen este ano 2010 se honra pola súa contribución á consolidación e fortalecemento dese tronco, pilar básico da nosa identidade, como é a nosa lingua, propia e diferenciada, fermosa como a nosa terra.

" RESIDIMOS TANTO NA LINGUA COMO NA TERRA"

Non sei que sería peor, terra sen lingua ou lingua sen terra. En ambos os dous casos o que destaca é a orfandade. Unha sen a outra produciría un baleiro irreparable, unha situación absolutamente inhumana.

" … A LINGUA É A MEMORIA DO PASADO COMÚN. POR ISO SE DÍ QUE A LINGUA PROPIA VALE PARA ALGO MÁIS QUE PARA COMUNICARNOS: VALE PARA UNIRNOS E GARDARNOS."

En tempos de crise, de tantas crises, faise máis urxente e necesario acudir aos faros-guía, ás fontes, aos homes e mulleres que en tempos moito máis escuros e hostís foron quen de manter alto e claro o facho da nosa identidade. Un deles, que lembramos e honramos de xeito especial este ano,

UXÍO NOVONEYRA

Pechando os ollos e en profundo silencio aínda poden escoitarse nas paredes de pedra do noso ATENEO as súas palabras pausadas, sentidas, zumegando serenidade e paz, a paz e serenidade que nos transmite a paisaxe e a natureza do seu fogar, o COUREL.

" OS QUE ASÍ NOS TEIN
SÓ TEIN NOSO OS NOSOS NOMES NO CENSO, O
QUE HASTA O NOSO SUDOR SIN ALENTO SE PERDE NA TERRA."


Sigamos a súa senda, difundamos a súa verba, sintámonos orgullosos do noso patrimonio, das nosas riquezas, sendo a primeira a FALA.


A XUNTA DIRECTIVA


Ateneo Ferrolán


NOVIDADES

MARZO 2010





























VULGARIDADES

Texto seleccionado por Fernando Rivera

Dende a nosa Biblioteca — Hemeroteca: extracto do periódico "El Chicote" “El Chicote, periódico antequerano, natural de Galicia; é dicer, periódico de circunstancias cun olor mariño moi subido, xoves 21 de agosto de 1884”

Vivimos baixo o imperio da vulgaridade, se vivir na vulgaridade é vivir.

As xentes deron en copiarse unhas á outras para aforrar o traballo de pensar nada novo, e os nosos usos, hábitos e costumes formaron xa unha cadea, ao redor da cal dámos voltas collidos da man coma se xogásemos á roda.

Os afeccionados á variación e á novidade tiñamos posta a nosa esperanza na moda; pero a moda tamén se botou a durmir e asemella os seus decretos a eses autores dramáticos falsos de inventiva, que para compoñer unha obra se vén obrigados a botar man de anacos alleos tomados ao azar.

O sombreiro, o chaleco e a levita sofren frecuentes modificacións. Hoxe é o colo, mañá a lapela, despois o peto.... pero segue sendo indispensable para vestirse un home, que vaia botando sobre o seu corpo prendas e máis prendas coma se fose máis que unha persoa, unha percha.

Se busca vostede Variedade no estilo epistolar, equivócase vostede.

O *Moi señor meu* e o Q. B. S. M. quedaron xa declarados puño e regatón oficiais de todas as cartas.

¿A quen se lle ocorre chamar *señor meu* a outro, hoxe que non hai máis *señores nosos* que os señores ministros?

E é que vivimos enganándonos uns aos outros e establecemos como cousa corrente o que é unha vituperable vulgaridade.

Se quere vostede saber o numeroso que son os seres vulgares, preséntese ante os seus amigos con levita nova.

Para a xeneralidade vostede debese levar toda a vida o mesmo traxe. Unha levita nova é unha alteración das leis naturais.

¿Pois que lle ocorre? ¿ Por que vas tan elegante? ¿E é nova? ¿É bo o pano? ¿Custouche moito? ¿Onde cha deron? ¿Faríanme a min outra?

Dígame vostede qué se fai con xente a quen só se lle ocorren tan necias preguntas.


E a ridícula intervención dos amigos e coñecidos alcanza a todo.

Déixase vostede a barba: “¡Home aféitese! ¡non te deixes a barba!”

Quítase vostede a barba: “Pero ¿que atrocidade fixeches? ¡quitarse a barba! Pareces un tal e un cal.”

Chega vostede a crer que a barba non é de vostede ou que antes de chamar ao barbeiro hai que congregar aos amigos, someter á súa deliberación a reforma na cara e poñela a votación; como proxecto de lei en Cortes.



¿Atoparon vostedes a algún que nunha desgraza de familia lles dean a vostedes unha opinión acertada?

Os de uns: "Acompaño a vostede no sentimento."

Os outros: "Saúde para encomendarlle a Deus."

Os de acá: "¿Con que morreu aos oitenta? ¡quen o había de dicir!"

Os de acolá: "Paciencia ¡todos temos de facer o mesmo!"

¡Que observacións tan enxeñosas!

Se lle nace a vostede un fillo, verá como lle preguntan con un interese estraño:

-¿Que é? ¿neno ou nena?

¿E que máis dá que sexa dun sexo ou doutro, se até que pasen algúns anos non vai exercer de nada?

Pois ¿e o gran que lle sae a vostede na cara? ¿a cantos consellos non dá orixe? ¿a cantos amigos non dá ocasión de exhibir os seus profundos coñecementos médicos?

"¡Iso é lume; refresca! - ¡É un carafuncho! - Ungüento de López! - Crémor, moito crémor! - ¡O que debes facer é bañarte! - ¡Moita auga de ferro é o que necesitas ti!"

Se padece vostede dor de moas xa hai máis uniformidade de pareceres.

-¡Mal dor é! - din todos.

¿A quen llo vai contar? - di vostede para o seu caletre.

A vulgaridade acadou o interese polos negocios públicos.

A pregunta obrigada de un español que tropeza con outro na rúa é: "¿que hai de cousas?"

Non parece senón que non se publican periódicos, nin se reúne a xente nos cafés e faladoiros, nin voa a noticia como a electricidade.

Cando a min me preguntan, "¿Qué hai de cousas?" se me ocorre á miña vez preguntar:

¿Cando naceu vostede? ¿Onde estivo vostede metido? ¿Como ignora vostede o que pasa custando dous cartos *La Correspondencia*?

Para a vulgarísima pregunta "¿que hai de cousas?" inventou un chusco enxeñoso a contestación: "Home, din que morreu Fernando VII"

Pero esta xa é resposta que se fixo vulgar.

¡Ai! ¡Aquí todo se vulgariza!

Antes tiña o suicidio certa horrible novidade. Suicidarse era cousa enxeñosa que producía curiosidade e admiración.

Pero hoxe ¿quen non se suicida? ¡se case parece que estableceron quenda para iso, segundo o ordenadamente que, uns tras outros, se vai a xente quitando do medio!

Por suposto, dentro dos máis vulgares e rudimentarios pormenores.

O revólver, a auga, ou a augardente con fósforos ¡nada de innovacións! ¡nin un só que se resolve a fumar seis puros do estanco!

Iso si; sen faltar nunca a consabida cartiña dirixida ao xuíz, "non se culpe a ninguén da miña morte."

De modo que o que queira fuxir da vulgaridade non pode nin suicidarse.


Xa é cousa vulgar á que recorre calquera para todo: para dar un desgusto á noiva con quen se reñe, para non pagar o xastre, para retorcer a conciencia do ministro que deu a cesantía... ¡ata para andar polas columnas dos periódicos entre actores aplaudidos e militares que ascenden!.

Eu mesmo dubido agora se fun vítima da vulgaridade; porque dubido se estas liñas mas dictou o meu propio xuízo observador ou esa voz que corre por aí sentenciando ao ridículo a todo o que nos rodea.

Despois de todo, iso demostraría o que dixen ao comezar: que vivimos baixo o imperio da vulgaridade e que nos alimentamos con vulgaridades.

..."




Uxío Novoneyra






Uxío Novoneyra

(Parada do Courel 1930 - Santiago de Compostela 1999)

Día das Letras Galegas 2010



Instituído pola Real Academia Galega en 1963 para distinguir ás figuras destacadas da cultura A RAG dedicará o próximo 17 de maio á figura do poeta de Parada do Courel

Novoneyra foi un dos poetas máis relevantes en lingua galega de todos os tempos. A obra do poeta está enraizada na tradición e no popular.

Sen embargo é, ao mesmo tempo, vangardista. Fillo de labradores, naceu na montaña luguesa, en Parada do Courel en 1930, e dedicou a súa obra a inmortalizar a paisaxe da serra. Vinculado tamén ás vangardas, na súa obra destaca o lirismo da palabra.

Novoneyra naceu o 19 de xaneiro de 1930 en Parada do Courel. De estudante en Lugo, coñeceu a Manuel María e ambos frecuentaron o trato de intelectuais da anterior xeración, como Luis Pimentel, Anxel Fole, Celestino Fernández de la Vega ou Ramón Pilñeiro.

Con 19 anos, Novoneyra trasladouse a Madrid, onde se matriculou na facultade de Filosofía e Letras e regresou en 1951 para facer o servizo militar. Entre 1953 e 1962 volveu a vivir en O Courel, obrigado por unha pleuresía que o tivo ao borde da morte.

En 1962, o poeta traballou en Madrid en programas de radio e televisión, participou nalgunha das actividades do grupo Brais Pinto até o seu regreso ao Courel.

En 1973 casou con Elba Rei, coa que tivo tres fillos que residían entre O Courel e Lugo, para instalarse definitivamente en Santiago en 1983. O poeta foi elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que ocupou até a súa morte, en outubro de 1999.


Novoneyra foi un poeta de entrega total, pero non de minorías, xa que sempre tivo unha grande preocupación pola comunicación co pobo.

Tanto en "Os eidos" como nas súas outras obras, Novoneyra é capaz de evocar sensacións visuais, táctiles, auditivas ou anímicas mediante a combinación e repetición de fonemas.

En 1955 publicou o seu primeiro libro de poemas, "Os Eidos", con prólogo de Ramón Piñeiro, e seguíronlle "Elexías do Courel e outros poemas", en edición bilingüe, e "Poemas caligráficos".

En "Muller para lonxe", reúne poemas de amor xa publicados e outros inéditos, ilustrados con debuxos de Carlos Pardo Teixeiro e un epílogo de Claudio Rodríguez Fer.
Ademais da súa incursión na narrativa para nenos, destaca a oralidade da súa poesía, que adquire matices especiais cando o mesmo poeta recitaba os seus propios versos, proba máis do seu enraizamento co pobo e a poesía popular.



MIGUEL HERNANDEZ

2010 ANO HERNANDIANO

Miguel Hernández Gilabert naceu en Orihuela o 30 de outubro de 1910; morreu en 1942 nunha enfermería da cadea.


O Centenario do nacemento do poeta Miguel Hernández en 2010 supón unha oportunidade irrepetible de mostrar a riqueza do seu legado. É por iso que a Fundación Cultural Miguel Hernández e outras entidades emprenderon a tarefa de organizar os actos que conmemoren os cen anos do nacemento do ilustre escritor oriolano, para converter o Centenario nun verdadeiro acontecemento. Será unha efeméride que, máis alá de 2010, sirva para facer reflexionar a calquera persoa acerca da figura do poeta, do seu pasado máis cercano e do futuro aínda por vir, sempre sen miras estreitas ou localistas, e si universais, como a obra hernandiana.

Ilustración Luis Rapela







San Xoan: a noite mais meiga do ano

A noite do 23 de xuño, noite de San Xoán, en Galicia adquire unha serie de peculiaridades e ritos que se basean en crenzas e supersticións que, en grande parte, proveñen da tradición pagá.

Unha das cousas máis típicas que aquí se atopa é celebrala cunha sardiñada e chourizos, feitos na fogueira ou lumieira, cachela, ou cacharela. Nela quéimanse, ademais da madeira, os obxectos ou lembranzas das que queremos desfacernos e na punta da fogueira rematase cun moneco que simbolice algo, ou alguén, ao que non lle temos moita simpatía. Tamén empréganse madeiras e herbas que fagan moito fume, xa que segundo o costume, espanta mellor aos malos espíritos.

As tradicións, cos seus matices -segundo a comarca en que nos atopemos- din que na Noite de San Xoán espántanse ás Meigas, Bruxas, Demos e Diaños…e para iso, hai unha serie de ritos relacionados con estes costumes onde os máis destacados son:

Saltar a fogueira: sáltase por riba do lume un número impar de veces, mínimo tres, recitando distintas fórmulas. Dise que os mozos e mozas que a saltan sen tocar as lapas, casarán de alí a un ano.

Herbas de San Xoán: durante a tarde e a noite anterior ao día 24, recóllense plantas e herbas secas, e déixanse en auga toda a noite ao descuberto, de tal modo que tomen o orballo ou o resío da noite. Esta auga adquire entón propiedades máxicas, curativas e cosméticas, e tamén poden curar envexas, mal de ollo, etc. Hai que lavarse a cara con esta auga á mañá seguinte.

Poñer plantas nas portas: cólganse plantas de estación, que este día adquiren a súa máxima frescura, para espantar ás meigas.


Queimar na fogueira: sen que ninguén nos vexa, escríbese nun papel as tres cousas que desexamos queimar para que non se volvan a repetir este ano, dobrase o papel, e tírase ao lume.

Para que non falte o traballo: envolver unhas zapatillas ou zapatos vellos que se usaran durante o ano e lanzalos á fogueira na noite de San Xoán para que se queimen.

Bo descanso: quen madrugue o día 24 non pasará sono o resto do ano.

Ahhh...e lembrade, ¡coidado coas meigas!, porque habelas... hainas!



1794, xuño, 28. Ferrol

Bando de Diego Martinez de Cordoba y Contador, Gobernador Político-Militar, polo que se prohiben as lumeiradas nas noites de San Xoán e San Pedro.
Copia certificada. 1 fol.

AMF C-1021-A, expte. 28, fol.70 v.-71

Transcrición

Dn. Diego Martinez de Cordova y Contador, Brigadier de la Real Armada, Governador Militar y Politico de esta Plaza Comandante de los Castillos y Fortalezas de su Ria y mas de su Comprehension y Subdelegado de Rentas en ella Hago saver atodos los vecinos moradores estantes, y avitantes enesta Plaza, que siendo uno delos principales objetos dePolicia y buen Govierno, la quietud, sosiego y tranquilidad de los Pueblos, contra este loable principio, se experimentó que la noche de San Juan andubieron las Gentes, Hombres y Mugeres á manadas por las Calles, haciendose enellas Lumbres y Fogatas que pudieron ocasionar la ruina de Casas, yexpecialmente de Arsenales: Otras en Corrillos, cantando y baylando hasta el amanecer sinque los Padres de familias hayan recogido como devian a sus hijos y Criados, sin emvargo demirarlos expuestos a su ruina en distintos vicios que ocasiona la livertad: y cortando estos conocidos perjuicios desde luego enla noche inmediata vispera deSan Pedro y en otro qualquiera tiempo prohibo dichas Fogatass y Lumbres y otro qualquiera Genero de fuego: quenose junten ni anden Hombres con mugeres mezcladas; se retiren y recojan en sus Casas, sin tocar, cantar ni baylar enlas mismas calles, pues a quien se hallare por las Patrullas y Comisionados, contraviniendo alo referido sele exigirá irremisiblemente lamulta dedos ducados y aun procederá amayor castigo si el caso lo requiriese: y para que llegue anoticia del Publico expido el presente firmado mio y del ynfraescrito Escribano de Ayuntamiento en esta dicha Plaza del Ferrol aveinte y ocho de Junio demil setecientos noventa y quatro= Diego Contador=Dn. Josef de Benavides=

Es copia de quatro Edictos que de un mismo tenor se han formado y fixado cadauno en medio pliego del Sello quarto, el primero en la Puerta del Muelle de Coruxeiras, el segundo enla Esquina de la Casa dela Viuda de Arron y Vidal; El tercero enel Arco quemedia entre la Contaduria principal de Marina dela Poblacion de Esteyro, y elrestante se dirigió al Procurador General dela Villa de la Graña D. Manuel Bruñel para igual operación, de que certifico y lo firmo Ferrol, fecha utsupra=

D. Josef de Benavides.[Escribano]

1850, xuño, 22. Ferrol

Bando de Vicente Zalabardo, Alcalde-Correxedor, polo que se prohibe botar petardos e outros obxectos nas noites de San Xoan e San Pedro.
Minuta, 1 fol. (Cuartilla)

AMF C-422-A, expte. 18

Transcrición

D. Vicente Zalabardo, Alcalde Corregidor por su Majestad de la Villa y Distrito municipal de Ferrol, etc.

Hago saber: Que sin embargo de estar prohibido por el articulo 13 del bando de policia y buen gobierno arrojar buscapies, triquitraques, curratillas ó volandres á las personas que transitan por las calles y parages publicos, o se hallen en los Balcones y Ventanas de sus casas, he observado que en las noches de las Visperas de S. Juan y S. Pedro, se infringe con frecuencia esta acertada disposicion de que resultan graves perjuicios y las quejas á ellos consiguientes.

A evitar pues los disgustos que produce tan perjudicial costumbre, ordeno y mando.

Art. 1° .- Se prohibe absolutamente arrojar toda clase de [...] y fuegos artificiales sin previo permiso de la Autoridad civil, que solo las concederá para volandres ú otros que no puedan causar daño cuando alguna circunstancia de regocijo lo requiera.

2°.- Los infractores á esta disposición pagarán una multa de 40 reales de irremisible esacción sin perjuicio de la responsabilidad y resarcimiento de los daños que causaren.

3° .- Si los infractores fuesen menores de edad, los padres o tutores ó personas á cuyo cuidado se hallen, pagarán las penas emanadas en el articulo anterior.

4° .- En las espresadas noches de S. Juan y S. Pedro, se permitiran músicas por las calles, siempre que en ellas se conserve y guarde el orden debido, pero serán disueltas si faltase esta circunstancia.

5° .- Los Alcaldes de barrio en los suyos respectivos, Guardia Civil y municipal, cuidarán del cumplimiento de estas disposiciones.

Y para que llegue a noticia de todos y nadie pueda alegar ignorancia se publica y fija el presente en Ferrol á 22 de Junio de 1850










Castelao 60 anos despois. Unha pequena lembranza.

ALFONSO DANIEL MANUEL RODRÍGUEZ CASTELAO (Rianxo, España, en 1886; Bos Aires, Arxentina, en 1950) foi político, escritor, pintor, e debuxante galego así como un dos pais do nacionalismo galego. Estudou medicina e afirmaba: *Fíxenme médico por amor ó meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade*

Retrincos: O retrato

Por amainala conciencia guindéi co meu tiduo de médico no fondo dunha gabeta, e busquéi outra maneira de me valer. As xentes non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial; mais unha noite foron requerídolos meus servizos.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Doume as "boas noites" e rompéu a chorar, e por antre os saloucos saíanlle verbas tan estruchadas que somentes logróu decirme que tiña un fillo a morrer.

O probe pai turraba por min, i eu deixábame levar, enfeitizado pola súa door. Dispóis de todo eu era médico tiduado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de complacelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran cencia…

Cando chegamos á casa de Melchor logréi arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confeséille que sabía pouco da carreira…

–Repara que fai moitos anos que non visito enfermos.

I entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

–O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; váiseme e non teño ningún retrato seu!

Ai, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor que un deseño, aseguréille que de noite se poden facer fotografías, e botando man de moitos razonamentos logréi que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo.

A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola.
Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era melchor.

–¡Os fotógrafos din que non teñen magnesio!



E díxomo tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne bermella de tanto chorar. Endexamáis fitéi a un home tan desfeito pola door. Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por mín, e o malpocado decía cousas que me rachaban as entranas:

–Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderéi ollar sempre a cariña do meu neno. ¡Non me deixe na escuridade, señor!

¡Quén tería corazón para negarse! Collín papel e lápiz, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia

Sen decir ren sentéime a dibucalo que ollaban os meus ollos de terra e somentes ó cabo de algún tempo conseguín afacerme ó drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervoado, como un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silenzo, firéume con estas verbas:

–Pola ialma dos seus difuntos, non mo retrate así. Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ó volver á realidade non soupen que facer, e púxenme a repasalas liñas xa feitas do retrato. O silenzo foi esgazado novamente por Melchor:

–Vostede ben sabe cómo era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e dibúxemo rindo.

De súpeto nascéume unha gran idea. Rachéi o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e dibuxéi un neno imaxinario. Inventéi un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retablo barroco, a sorrir.

Entreguéi o dibuxo e saín fuxindo, e no intre de poñelo de pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre dí coa mellor fe do mundo:

–Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morréu. Velahí está o retarato que non minte.

Pontevedra. 1922.

www.museocastelao.org





Os membros da Real Academia Galega (RAG) elixiron o pasado 23 de xaneiro de 2010 a **Xosé Luís Méndez Ferrín** como novo presidente da institución, nun plenario en que o escritor ourensán resultou elixido por maioría absoluta. Ferrín substitúe no cargo a Xosé Luís Barreiro, que deixou esta responsabilidade o pasado 18 de decembro logo de oito anos á fronte da Presidencia.

A candidatura de Ferrín foi a única presentada para optar á presidencia da RAG. No plenario, que se desenvolveu na súa sede da Coruña, 20 dos 23 académicos avalaron esta candidatura. Os outros tres votaron en branco.

Xunto a Ferrín, conformarán a Executiva Xosé Manuel Axeitos, que até o de agora ocupaba o cargo de arquiveiro - bibliotecario e que pasa a ser secretario, mentres que Manuel González, que ostentaba esta responsabilidade, asumirá a tesouraría.

Con Ferrín, incorpóranse á Executiva Francisco Fernández Rei, novo vicesecretario, e Euloxio Ruibal, novo arquiveiro. Logo da súa elección, o novo presidente da RAG apostou por unha "xestión continuista" á fronte da institución e por "reactivar" os seus traballos no ámbito da gramática e da lexicografía.












Ateneo Ferrolán

ARTIGOS LITERATURA





NA SOMBRA INTIMA DE UXIO NOVONEYRA (I)

Por Rosa Méndez Fonte

Non é posible, ás veces, respostar dun xeito adecuado a unha petición que, en si mesma, xa abondaría para levar satisfacción a ese oco íntimo que todos, dun modo ou outro, reservamos para o recordo daqueles que tanto significaron na nosa vida. Este é o caso, e este (apenas unha semana) o pouco tempo do que disporía para deixar nestas páxinas o que Uxío significou para min e, parellamente, o que de salientables tiveron para Ferrol os nosos encontros. É por isto que, adiando todo isto para unha próxima revista *Atenea*, deixe hoxe aquí tan só un texto moi sinxelo que publiquei hai anos, xunto con dous poemas adicados tamén a Uxío, que forman parte do libro que tanto me animou a dar á luz: *Poemas anobelados no tempo* (Espiral Mayor, 2000):

E PORQUE A MORTE NON É CERTO, é posible retomar aos homes, aos vellos tempos retidos nas estancias, a terra en primavera que cingue o noso sangue, as máxicas palabras noutras horas atendidas. I é posible retomarte a ti, Uxío da certeza, dos eidos sempre abertos ao home enteiramente pronunciado; o mesmo Uxío dos soños espertos e teimosos, ese mesmo que vai polos roteiros camiño a Compostela.

E retómote de lonxe; cando, ao tempo de achegarte, abrías as cancelas que adentraban aos máis ergueitos cumes. O paso lento e as mans nos petos daquel pardento abrigo que –cómo non- posuía tamén a cor da terra do Courel polo Outono.

E retómote –máis vivamente aínda, se cadra- cando se afundiu a Gárgola nas tebras dos cavorcos; trinta de outubro… a data que ceibou por sempre a mágoa por te ver. E alí estabamos os tres; facendo a homenaxe ao noso xeito.

E retómote enteiro, aquela tarde de néboa e invernía, cando as rúas molladas non levaban a ningures; a mesma tarde cinsenta que, da túa man, percorrín a un Lugrís aberto a un mar por medio compartido coas américas. Entrementres, as buguinas, as areas, as estrelamares mergulladas polo espazo e as paredes brancas do Auditorio –por sempre acubillante das nosas conversas mainas- bulían terra adentro; magnificadas ante min, caseque dobremente, a traveso teus ollos coureláns de lene riso.


E retomo contigo, e novamente, unha Compostela asulagada para min de mornecida soidade; a túa expresión que, a tombos, me vagaba interrogante, até levar ao ar o atemperado eco: *Onde che ven a túa tristura –coor dos teus ollos e son do teu xeito.*

E retómote pleno no sentimento cobizoso que abranguía aos teus pola estancia gorecida; Elba, Branca, Uxío e Arturo: auriga de azafrán e toda a vida nun futuro á incertidume aberto.

E retomo os comezos do vieiro franqueado cara a terra e as palabras que perviven na fala dos seus homes. E aínda sigo a procurar os máis pequenos perfís dos seus sentidos, onde o alleo se somete por dar lugar ao noso. Home, terra e pobo; tan só un nó apreixoado na man pechada que se albisca pola fronte. E seime hoxe, Uxío amigo, unha senlleira rotelá, que vai seguindo as túas pegadas, por sempre presentidas.

Ilustración Luis Rapela



Non é posible, ás veces, respostar dun xeito adecuado a unha petición que, en si mesma, xa abondaría para levar satisfacción a ese oco íntimo que todos, dun modo ou outro, reservamos para o recordo daqueles que tanto significaron na nosa vida. Este é o caso, e este (apenas unha semana) o pouco tempo do que disporía para deixar nestas páxinas o que Uxío significou para min e, parellamente, o que de salientables tiveron para Ferrol os nosos encontros. É por isto que, adiando todo isto para unha próxima revista *Atenea*, deixe hoxe aquí tan só un texto moi sinxelo que publiquei hai anos, xunto con dous poemas adicados tamén a Uxío, que forman parte do libro que tanto me animou a dar á luz: *Poemas anobelados no tempo* (Espiral Mayor, 2000):

E PORQUE A MORTE NON É CERTO, é posible retomar aos homes, aos vellos tempos retidos nas estancias, a terra en primavera que cingue o noso sangue, as máxicas palabras noutras horas atendidas. I é posible retomarte a ti, Uxío da certeza, dos eidos sempre abertos ao home enteiramente pronunciado; o mesmo Uxío dos soños espertos e teimosos, ese mesmo que vai polos roteiros camiño a Compostela.

E retómote de lonxe; cando, ao tempo de achegarte, abrías as cancelas que adentraban aos máis ergueitos cumes. O paso lento e as mans nos petos daquel pardento abrigo que –cómo non- posuía tamén a cor da terra do Courel polo Outono.

E retómote –máis vivamente aínda, se cadra- cando se afundiu a Gárgola nas tebras dos cavorcos; trinta de outubro… a data que ceibou por sempre a mágoa por te ver. E alí estabamos os tres; facendo a homenaxe ao noso xeito.

E retómote enteiro, aquela tarde de néboa e invernía, cando as rúas molladas non levaban a ningures; a mesma tarde cinsenta que, da túa man, percorrín a un Lugrís aberto a un mar por medio compartido coas américas. Entrementres, as buguinas, as areas, as estrelamares mergulladas polo espazo e as paredes brancas do Auditorio –por sempre acubillante das nosas conversas mainas- bulían terra adentro; magnificadas ante min, caseque dobremente, a traveso teus ollos coureláns de lene riso.

E retomo contigo, e novamente, unha Compostela asulagada para min de mornecida soidade; a túa expresión que, a tombos, me vagaba interrogante, até levar ao ar o atemperado eco: *Onde che ven a túa tristura –coor dos teus ollos e son do teu xeito.*

E retómote pleno no sentimento cobizoso que abranguía aos teus pola estancia gorecida; Elba, Branca, Uxío e Arturo: auriga de azafrán e toda a vida nun futuro á incertidume aberto.

E retomo os comezos do vieiro franqueado cara a terra e as palabras que perviven na fala dos seus homes. E aínda sigo a procurar os máis pequenos perfís dos seus sentidos, onde o alleo se somete por dar lugar ao noso. Home, terra e pobo; tan só un nó apreixoado na man pechada que se albisca pola fronte. E seime hoxe, Uxío amigo, unha senlleira rotelá, que vai seguindo as túas pegadas, por sempre presentidas.

Hoxe sei, tamén, que ti eras para min o espazo íntimo máis monumental de Compostela; o tránsito emerxente cara o vento que batía nas fiestras sempre abertas ao milagre; a voz das cousas que, a tombos, eu ía descubrindo máis alá da sinxeleza transparente que, doada, as definía. Porque sei que es a reciedume permanente que me aprende a fuxir cara o estritamente certo. I é dende ti este desexo aberto a *soñar tódalas cousas, para telas por completo, unha a unha.*

En: *Amastra-N-Gallar*, nº 7 (2004) e *Uxío novoneyra. A Emoción da terra.* AELG, 2005)





A CIDADE LAIOUME, ÁS AGACHADAS
e tiven que afastarme da rúa do Home Santo,
do Catro Ventos
e o Entreportas;

pechei os ollos ao cruzar a Ferradura
e a Quintana
e a Praza do Obradoiro
-que maxinei fermosa
e fulxente;

a cidade laioume, ás agachadas,

e fuxín cara a Lugrís
-aínda cedo para a cita-,
até as cunchiñas ceibes
rubidoiras dos solpores,
até os recunchos acendidos polas paredes brancas;

entón chegaches ti, Uxío,
e todo foi tan novo
coma sempre.

A Uxío Novoneyra
na súa Homenaxe en Compostela.
30 de outubro de 1999





AFÁSTASME, SEN PRÉSAS,
do diario,
fervente a verba,
-onda tras onda,
unha tras outra-,
moi lene-paseniño
a voz e o xesto;

i eu vou caureleando até esas neves
onde dobran campás, paradas
e solpores.

Afástasme, sen présas, do diario
e vou rubindo a canto es, sen que o saibas
-vixiante, tralas néboas agachado,
dos olliños dunha danzarina nena;

xira, xira, xira… e a fontela,
entrementres, fía e molla
uns oquiños de pedra aterecida.

E os acivros bailan sons que os fan máis libres
polas sombras ambarinas do Cebreiro
e as ruelas fanse ao mar en Compostela
cinguidas e outas nos mastros da palabra;

soamente se ti falas
calarei,
porque sinto que Galicia no teu canto
é outra cousa:
UXÍO.

Campaíñas, febreiro de 2010

CENTENARIO DA CNT: MAIS DE 100 ANOS DE LOITA OBREIRA

Por Eliseo Fernández

Como parte dos actos de celebración do centenario da creación da CNT, a Federación Local da CNT de Ferrol presentou na nosa cidade a exposición "Solidaridad Obrera 1907-2007". Esta exposición, que estivo no Ateneo Ferrolán entre os días 15 e 20 de febreiro, amosou un percorrido pola historia do histórico xornal "Solidaridad Obrera", publicado en Catalunya dende o ano 1907. Nos paneis que conforman a exposición recóllese a azarosa historia do voceiro anarcosindicalista, ao tempo que se percorre boa parte da historia dos combates da clase traballadora pola defensa da súa dignidade e pola consecución de melloras económicas e sociais.

Aproveitando o paso desta exposición por Ferrol, cómpre lembrar o protagonismo que Ferrol e Galiza tiveron no longuísimo proceso de construción e reconstrución da CNT. O sindicato que nos tempos da guerra civil chegaría a facer unha revolución libertaria en Levante, Aragón ou Catalunya, tivo unha curtísima vida legal, e unha existencia continuamente marcada polas eivas organizativas e as persecucións gobernativas. Como foi entón que a CNT acadou unha cifra de 33.000 afiliados na Galiza de 1936 ou como chegou a provocar mudanzas tan significativas noutras zonas do Estado? Pois foi así porque o movemento libertario foi un conxunto de movementos sociais artellados arredor das ideas anarquistas, que naceron antes que a propia CNT e que se mantiveron permanentemente activos, mesmo en tempos difíciles como a ditadura de Primo de Rivera ou no chamado Bienio Negro.

Ferrol fora xa unha daquelas cidades nas que tiveron lugar os primeiros pasos do movemento obreiro, por medio da primeira Asociación de Trabajadores de Ferrol, creada en 1871 como filial ferrolá da AIT, e continuada despois coa actividade Federación de Trabajadores na década de 1880. Malia a competencia republicana primeiro e a socialista despois, o obreirismo de corte anarquista sempre tivo na nosa cidade un certo número de seguidores, que serían os que, anos andados, erguerían con forza a bandeira do anarcosindicalismo na cidade.

Nos comezos do século XX houbo un importante movemento reorganizativo no movemento obreiro libertario que se concretou na creación da Federación Sindical "Solidaridad Obrera" de Catalunya, á altura de 1907. A nova organización obreira, inspirada en parte polo sindicalismo revolucionario francés, deu en pouco tempo pasos para ampliar o seu radio de actuación e, como resultado, foi creada a CNT en novembro de 1910, coa participación de sociedades obreiras de todo o Estado, entre elas algunhas de A Coruña, Santiago e Vigo. No primeiro congreso da organización, que tivo lugar en Barcelona en setembro de 1911, xa estaba tamén representado o Sindicato de Montadores y Ajustadores Mecánicos de Ferrol, con 160 afiliados.

Mais o anarcosindicalismo ferrolán non se limitou á participación nos comicios da organización, senón que en pouco tempo colleu pulo na forma do Ateneo Obrero Sindicalista, unha agrupación de sociedades obreiras de tendencia libertaria que se creou na nosa cidade á altura de xullo de 1913. Esta nova agrupación tivo un fortísimo protagonismo do relanzamento da CNT a nivel estatal, forzada a unha existencia precaria e clandestina dende o mesmo momento da súa fundación. Da parálise que a atenazaba, a CNT saíu a partir de 1915, e como consecuencia do esforzo organizativo saído do Congreso da Paz de Ferrol, que fora organizado polo Ateneo Obrero Sindicalista.

O Congreso da Paz estaba pensado como unha iniciativa obreira contra a I Guerra Mundial, mais para a







posteridade a súa importancia non foi por ese motivo, senón porque a coincidencia en Ferrol de sindicalistas de toda a Península serviu para comezar a reorganización da CNT e dar paso a un dos períodos de maior expansión do sindicato. A partir do Congreso da Paz, a filiación á CNT aumentou significativamente, pasando dos 30.000 afiliados de 1911 aos 790.000 afiliados do ano 1919. Foi precisamente no final da década dos 10 cando os primeiros sindicatos localizados no antigo Ateneo Obrero Sindicalista de Ferrol se integraron efectivamente na CNT.

Esta crecemento de afiliación e de implantación territorial serviu para consolidar outra forma de loita sindical, cun elevado perfil combativo e caracterizada pola ausencia de ataduras políticas. A CNT logrou en pouco tempo numerosos avances en cuestións laborais para a clase traballadora e ademais facilitou a formación cultural e social da clase traballadora no seu conxunto. En Ferrol esa fase expansiva foi rachada polo asasinato da patronal ferrolá, Nicasio Pérez, primeiro, e pola ditadura de Primo de Rivera despois.


A nivel estatal, a CNT pasou a unha situación de seme-clandestinidade e foi novamente dende Galiza dende onde se deu forza á recuperación. Aínda que en Ferrol só subsistiu en activo o Sindicato de Camareros, o certo é que numerosos sindicatos da Coruña e Vigo mantiveron a súa vida orgánica e foron quen de sacar do prelo o voceiro "¡¡¡Despertad!!!", que serviu como tribuna para levar adiante os intentos de reorganización da CNT en todo o Estado. Os devanditos esforzos fixeron que, no inicio da II República, o predominio sindical da UGT se esvaecera diante do rápido ascenso dunha CNT prestixiada pola súa persecución na Ditadura de Primo de Rivera, en contraste coa tolerancia que presidira as actividades da UGT e do sindicalismo católico.

Xa no período republicano cómpre sinalar que un dos primeiros conflitos que crebaron a confianza das clases traballadoras no réxime republicano foi a folga da construción naval de Ferrol, na primavera de 1932. O movemento de protesta dos traballadores ferroláns, tanto da CNT como da UGT, tivo unha enorme repercusión a nivel estatal polo seguimento que del fixo o xornal madrileño "La Tierra". Neste conflito ficou claro que a vontade do sindicalismo de clase era manter o seu nivel de esixencia cara ao réxime republicano, mais demostrouse tamén que os novos gobernantes republicanos non eran quen de responder a estes problemas de xeito distinto que os seus predecesores, tanto na cuestión dos despedimentos como no do da resposta dada polas forzas de orde pública á mobilización obreira.

Malia todo, nun contexto de crise económica internacional despois do "crack" do 29, o sindicalismo da CNT foi quen de manter a súa actividade reivindicativa, loitando contra os despedimentos e tentando impoñer o reparto do traballo para rematar co desemprego. Mesmo en circunstancias adversas como aquelas o traballo acumulado de moitos anos facía que os sindicatos representaran unha forza capaz de lograr conquistas sociais para a clase traballadora.

Os case corenta anos de ditadura franquista fixeron desaparecer case totalmente aquel sindicalismo de base e revolucionario que se forxara ao longo de décadas, mais se cabe aínda fixeron máis patente a necesidade que a clase traballadora ten de organizarse colectivamente para tentar mellorar as súas condicións de vida e traballo. As derrotas da reconversión naval, a progresiva precariedade do mundo do traballo e o aumento do paro son tristes mostras desta situación.



Co gallo do Día de Rosalía de Castro,

que celebrouse o día 24 de febreiro, a Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega organizou unha lectura simultánea en varias cidades deste manifesto, que reproducimos, en defensa da lingua e da cultura galegas que veñen de publicar con ocasión desta data tan sinalada.

"O tempo pasou rápido; a centela tal vez máis lentamente..."

Hoxe, 24 de febreiro de 2010, cúmprense 173 anos do nacemento da escritora galega Rosalía de Castro. No próximo 15 de xullo, lembrarémola após 125 da súa morte. Nela e con ela lembramos non só unha personalidade altísima das nosas letras, senón a muller que alargou até o infinito o campo da literatura e da cultura galegas e, con el, as aspiracións a un outro papel histórico para a súa lingua e a súa patria, Galiza.

Nestes días para nós escuros, Rosalía, lembrámoste unha e outra vez. Os nosos ollos percorren infatigabeis os teus versos, de onte a hoxe, a memoria rescata da súa entraña retallos de poemas que palpitan nas nosas veas e percorren o noso corpo todo. E preguntámonos se este frío imposíbel que se instala na nosa pel é o mesmo frío que ti sentiches ante *os que teñen fama de honrados na vila*, aqueles que amparados no mandato estatutario que lles foi outorgado para promover a cultura galega e de a defender fronte ás agresións, o utilizan contra todo o que ti significas, estan a atropellar a herdanza túa e todo o que de noso atopan ao seu paso e, moi especialmente, desprezan todo o que somos e o que significamos.


"Cantarte hei, Galicia,/ na lengua gallega, / consolo dos males, /alivio das penas."

Hoxe continuamos a te refrendar Rosalía de Castro como a poeta fundadora da literatura galega contemporánea, pois o teu pensamento intelectual traspasa uns versos conscientes de lle estar a dar forma a unha materia patriótica senlleira a través da publicación deste teu primeiro monumento literario da modernidade en 1863 e voz colectiva da nación: *Cantares gallegos*, onde a paisaxe, os costumes, o clima e o pobo son unha realidade para dignificar. E o compromiso co teu pobo esíxete a utilización da lingua de seu.

"mollo na propia sangue a dura pruma..."

Na Habana, en 1880, o teu segundo poemario, *Follas Novas*, despois de impedimentos e censuras varias, olla a luz e supón a tua consagración definitiva da máis galega e, ao tempo, a máis universal dos nosos escritores, pois canda o excelso ritmo poético da tua obra fica certificada a validade do galego para o tratamento estético-literario de todos os temas, sen as limitacións que, onte como hoxe, se lle querían impoñer á lingua galega, orquestadamente limitada e minusvalorada para os redutos máis íntimos e persoais, invisibilizada no escenario da cultura e do progreso, do recoñecemento público. E entón o teu eu xeneroso de escritora debrúzase e asume ser a voz da solidariedade maiúscula cos marxinados, cos asoballados, coas mulleres do pobo, vítimas dobres dos danos infrinxidos á Galiza, á procura de ser novamente dona da súa propia liña do tempo.



Os que hoxe nos negan, como a ti te negaron ao longo de tanto tempo, son da estirpe dos que te alcumaron de chorona, mixiriqueira e trastornada por sombras de incerteza, dos que ocultaron o xenio do teu verso construíndoche unha imaxe distorsionada para afastarnos da exactitude das túas palabras, impedir que o teu verbo incendiase a nosa vontade e a luz dos teus versos abrise ventás de claridade no noso coñecemento. Deformábante para ocultarte, mentían, como nos seguen mentindo hoxe para destruír a nosa cerna e esborrallar a espiral de conciencia que ti iniciaches un día, con ese atrevemento histórico que foi un verdadeiro contrato de xustiza co pobo de noso e co futuro.

"Daquelas que cantan as pombas e as frores ..."


Mais a nosa lembranza de hoxe trae canda nós a reivindicación da tua personalidade consciente, a de ser a primeira feminista da nación galega: pola túa rebeldía ao non aceptar normas masculinas exteriores e superiores á súa propia conciencia e á súa libre vontade; porque te internache con toda naturalidade no repertorio temático que se reputaba privativo dos homes; porque amosache a túa solidariedade profunda coa vida e as circunstancias discriminadas das mulleres en xeral e das galegas e traballadoras en particular.

É por iso que este Nós plural e colectivo que hoxe nos autoconvocamos na túa orgullosa lembranza, declarámonos mulleres e homes da túa estirpe e coa forza do teu legado imprescindíbel diremos unha e outra vez, unha e outra vez, unha e tantas veces como sexa necesario, coa mesma lingua coa que ti renegaches dunha emigración que nos destruía, coa mesma lingua coa que reclamaches respecto para os nosos traballadores, coa mesma lingua coa que denunciaches as inxustizas coas mulleres, esa lingua que ti ergueches da terra para converter en material precioso digno do mellor ourive; con esa mesma lingua nós ergueremos a bandeira do noso orgullo de galegas e galegos para seguir pregoando o noso amor, ese amor que nos une a ti por riba do tempo e do espazo, máis alá da existencia material e tanxíbel, o amor por este idioma noso, que en ti volveu nacer e polo que nós tamén daremos a nosa alma.

O teu nome revive día a día nas túas lecturas, o teu ser nunca acabado de descifar céibase paseniñamente de cadeas censoras artificiais, a túa identidade galega consciente albíscase grazas ao pulo de investigadores propios e foráneos, os teus poemas apréndennos unha historia ferida, mancada pola inxustiza e o empoderamento do forte contra o débil.

Soubeches ser quen eras e defendéchelo co orgullo dunha voz pública propia e sen medo a non ser entendida ou a seres negada. Como valor humano galego universal que simbolizas a nosa identidade de galegos e galegas, demandamos do goberno da Xunta de Galiza que á maior brevidade cree o Instituto Rosalía de Castro para que a nosa cultura sexa posta en valor dentro e fora da Galiza, procurando darmonos a nós mesmos e ao mundo a imaxe real dun pobo cunha cultura milenaria e unha língua orgullosas se seu, cun lugar na historia dos pobos que construiron a Europa, demandamos que esta institución sexa creada para levar á túa internacionalización definitiva e da cultura galega nun mundo aberto que a ti, Rosalía, non che resultaría nada alleo.



Hurbinek: a palabra abortada

Por Alberto Sucasas
Profesor de Filosofía na Universidade da Coruña

Cóntao Primo Levi. Inverno de 1945 en Auschwitz: liberado o campo polas tropas soviéticas o 27 de xaneiro, un grupo de deportados sobrevive, entre a vida e a morte, na enfermería. A atención concéntrase sobre un neno duns tres anos cuxa identidade é un enigma: nada saben da súa orixe e tampouco el -absolutamente privado da fala- pode transmitirlles nada. Presenta un aspecto penoso (a metade inferior do seu corpo sofre parálise), pero amosa, ao mesmo tempo, unha heroica vontade de poñer fin ao seu mutismo, comunicándose cos homes do seu contorno. Iso, cando menos, parecía indicar a súa mirada, permanentemente dirixida aos que o rodeaban, aínda que non poidese acompañala da palabra que ningúen lle tiña ensinado.

Hurbinek —ese é o nome que lle deran— sobrevivía grazas aos coidados, acentuadamente maternais, dun mozo húngaro, Henek.

Un bo día, este anuncia aos seus compañeros que Hurbinek pronunciou unha palabra (mass-klo o matisklo), pero ninguén consegue determinar a qué lingua pertence; menos aínda cál poida ser o seu significado. Pero o feito irrefutable, ao alcance de todos, é que nesa secuencia de sons asoma unha vontade expresiva que prolonga, agora nunha linguaxe articulada, o que uns ollos mudos intentaban dicir con denodo ou coraxe.

Os esforzos interpretativos sucédense, mentres o neno repite unha e outra vez, aínda que con variacións, a súa incomprensible palabra. Quizabes chegasen a entenderse se a crueldade do universo concentracionario non provocase a morte de Hurbinek ao puoco tempo. Levi evócaa con estas palabras:

«Hurbinek, que tiña tres anos e probablemente nacera en Auschwitz, e nunca vira unha árbore; Hurbinek, que luchara como un home, até o último suspiro, por conquistar a súa entrada no mundo dos homes, do cal un poder bestial o exiliara; Hurbinek, o sen-nome, cuxo minúsculo antebrazo fora asinado coa tatuaxe de Auschwitz; Hurbinek morreo nos primeiros días de marzo de 1945, libre pero non redimido.

Nada queda del: o testemuño da súa existencia son estas palabras miñas.»

Imposible ler as palabras de Levi sen que a desolación e a indignación se apoderen de nosoutros. Pero a historia do neno Hurbinek, morto no campo de Auschwitz, bríndanos unha lección póstuma.

Tendemos a pensar na nosa condición humana como algo garantido polo nacemento. Sen embargo, non é así. Só somos plenamente humanos se o mundo social que nos acolle promove esa humanidade, se nos brinda o acceso ao tesouro cultural, do que a linguaxe é peza fundamental, da especie. Pero a inxustiza da orde social non fai senón poñer límites a esa empresa, ao distribuír desigualmente non só os bens necesarios para o mantemento da vida (pan; vestido; vivenda) senón tamén os bens culturais, aqueles cuxa interiorización é imprescindible para incorporarse plenamente ao mundo dos homes. Negando a moitos o que reserva para uns poucos, a orde social, esencialmente inxusta, produce formas deficitarias de humanidade; no límite, xenera inhumanidade.

O de Hurbinek é un caso extremo. Pero na súa palabra abortada cando apenas empezara a xurdir, exprésase a fraxilidade da condición humana, suxeita ás restricións que a dominación política e a explotación económica impoñen en calquera parte. A morte de Hurbinek, a morte dun inocente desterrado do país da palabra, é un clamor contra a inxente produción de inhumanidade de que somos responsables os humanos. E unha invitación, por suposto, a poñerlle couto.


---

[1] P. Levi, *La tregua*, trad. de P. Gómez Bedate, Barcelona, Muchnik, 19973, pp. 21-23.

[2] "Hurbinek no era nadie, un hijo de la muerte, un hijo de Auschwitz" (*ibid.*, p. 21).

[3] Ibid., pp. 22-23.



A audiencia desobedece e toma os medios

Por David Fernández

A audiencia -para os medios de comunicación audiovisuais convencionais- é un dos factores ao que máis importancia lle dan, seguramente o segundo máis importante por detrás da publicidade. Pero que pasaría se algún día esa audiencia rachase coa raíz da palabra que a oprime e reclúe, "obediencia", e eses oíntes se convertesen tamén en comunicadores? Deste xeito nacen os medios comunitarios, nos que a cidadanía toma a iniciativa e decide xestionar ela mesma os medios de comunicación, participa na toma de decisións, nos contidos que se emiten e ten voz propia á hora de informar e entreter.

No Estado español, coa aprobación da Constitución en 1978, o activismo social comezou a reclamar canles de comunicación nos que exercer plenamente as liberdades de información e expresión que o *sacrotexto* recollía. As radios libres foron o primeiro exemplo nos que a audiencia deixaba de lado esa lacra que a acompaña na raíz do seu nome e volvíase desobediente, facéndolle fronte aos medios de comunicación de masas concentrados en grandes cadeas audiovisuais. As primeiras radios libres reclamaban medios máis próximos e accesíbeis para exercer o seu dereito á libre información e á libre expresión.


Estas primeiras iniciativas levadas a cabo pola cidadanía autodefiníronse como medios comunitarios. Nas radios e televisións comunitarias a pluralidade estaba presente, o acceso da poboación estaba garantido e o traballo de todos os colaboradores era totalmente gratuíto e espontáneo. O seu fin era proporcionarlle un servizo á sociedade, fundamentalmente á da súa cidade, do seu municipio ou mesmo dun pequeno barrio, pois non tiñan capacidade económica para abarcar un gran territorio. Moitas veces o xeito de financiamento baseábase na busca de patrocinios e na emisión publicidade, mais nunca se podería dicir que se trataba de medios comerciais, xa que ninguén que participa nun medio comunitario persegue lucrarse economicamente.

A (a)legalidade dos medios comunitarios

Chegados a este punto creo que hai que facer un apunte importante e falar da legalidade dos medios libres e comunitarios. O dereito a comunicar e a expresarse libremente está recollido na Constitución Española, nos Dereitos Humanos e é recoñecido pola Unión Europea. Mais desde a aparición da primeira radio libre e comunitaria en 1978, non houbo ningún documento que acredite a súa legalidade. A única radio comunitaria e libre con licenza do Estado español está en Valencia, o resto das comunitarias aguantan a flote sen esa licenza que todas as radios libres sen ánimo de lucro deberían ter.

A situación das radios libres e comunitarias non mellorará nada coa nova Lei Xeral Audiovisual, aprobada pola Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados o 7 de xaneiro. Malia que o proxecto recolle a existencia de emisoras comunitarias e as saca do limbo da alegalidade no que vivían até o momento, non proporciona ningunha garantía para fomentar a existencia de medios nos que os cidadáns teñan a palabra e que poidan exercer o seu dereito a comunicar. Ademais, segundo a Federación de Sindicatos de Xornalistas, na esperada Lei Xeral Audiovisual, negociada unicamente entre o PSOE e CiU (Convergència i Unió), defínese o sector audiovisual coma un mercado, no canto de como unha función pública ao servizo do pluralismo, a educación, a cultura e a cohesión social, o que contradí as normativas europeas. Non define funcións de servizo público para os medios privados e, pola contra, restrinxe este carácter para os públicos. Non garante competencias executivas claras para o Consello Estatal de Medios Audiovisuais no relativo á adxudicación e retirada



de licenzas e á capacidade para sancionar as infraccións da lei. Tampouco garante que os seus integrantes sexan elixidos polos seus méritos profesionais e non polas súas afinidades ideolóxicas ou políticas. No tocante aos medios públicos autonómicos e locais, non garante a autonomía dos mesmos no seu financiamento. Se falamos da titularidade dos medios locais ou autonómicos, seguemos na mesma situación que até o de agora, os medios públicos continuarán ao servizo do goberno ou do alcalde de quenda, mentres non se establezan uns criterios homoxéneos para a creación de organismos públicos e autonómicos e locais, na liña da reforma de RTVE.

Desde a a Federación de Sindicatos de Xornalistas (FeSP), na que está incluído o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, tamén destacan que a nova Lei Xeral do Audiovisual "tampouco recoñece aos medios comunitarios coma un terceiro sector, xunto ao privado e ao público" esquecendo así que "a súa existencia garante o dereito constitucional da cidadanía a comunicar información veraz, xunto á liberdade de expresión e o dereito á información".

O novo proxecto fará máis difícil a existencia dos medios comunitarios ao establecer limitacións financeiras. No texto actual o presuposto anual destas emisoras non poderá ser maior de 100.000 € ao ano, sendo da metade, 50.000 € ao ano, se se trata dunha radio comunitaria. Segundo a ReMc (Red de Medios Comunitarios) estes presupostos están moi por debaixo do que precisan os medios para o seu funcionamento e o seu mantemento.


As comunitarias galegas

Con este panorama terán que seguir enfrontándose as radios libres e comunitarias que existen en Galiza. No país contamos con seis radios libres e comunitarias repartidas entre A Coruña, Compostela, Lugo, Vigo, Corme e Ferrol. As persoas que participan nalgunha das radios libres ou comunitarias de Galiza, teñen sempre presente que o feito de tratarse dun medio comunitario implica un servizo á sociedade, caendo sobre eles a responsabilidade de informar dun xeito alternativo e sen decepcionar a aquelas persoas que un día deciden mover o dial para buscar un terceiro sector da comunicación, afastándose das radios públicas e das privadas. O atopar algo distinto ao que estamos acostumados converterase nunha satisfacción para aquelas persoas que un día deciden desaliñarse da versión oficial que os medios controlados polo goberno ou polas empresas privadas nos ofrecen. Desafortunadamente para os inconformistas, moi poucas son as cidades e vilas nas que poder atopar unha emisora independente e na que poder participar de xeito activo e directo.

A media ducia de emisoras que emiten regularmente están asociadas na rede REGARLIC (Rede Galega de Radios Libres e Comunitarias), aínda que neste momento non ten moita actividade, noutrora, serviu como punto de encontro vivo e en movemento para Cuac FM, da Coruña, A Kalimera, en Compostela, Radio Clavi, en Lugo, Radio Filispim de Ferrol, Radio Piratona que emite desde Vigo e Radio Roncudo desde Corme. Desde un principio estas seis emisoras reunidas na REGARLIC intentaron acadar o recoñecemento do seu labor social entre a poboación, así como compartir experiencias e procurar a dignificación das condicións de emisión das radios libres e comunitarias. Mais na actualidade, a REGARLIC está totalmente parada, segundo comentou o Medi, de Radio Piratona, "debido ás diferenzas que existen entre algunhas radios, xa non só técnicas, senón de funcionamento e de ideoloxía", aínda que de todos xeitos existen intercambios de programas dunhas emisoras a outras.

Moitas veces o funcionamento dunha radio comunitaria resulta moi complicado. Na maioría das comunitarias as decisións tómanse en Asemblea, na que poden participar todos os membros da emisora. Mais, "as asembleas rematan sendo moi pouco representativas e convértense no oposto do que deberían ser", como



ocorre no caso de Cuac FM, que conta con algo máis de cen persoas que participan activamente na emisora coruñesa.

No tocante á ideoloxía e á concepción das radios libres e comunitarias, Medi, de Radio Piratona, fai un apuntamento en torno á definición de radio comunitaria e libre, por "por definición, todas as radios libres son comunitarias, pero non todas as comunitarias son libres". A definición que se achega desde Vigo pódenos facer comprender mellor o mundo comunitario, onde o feito que unha radio sexa comunitaria implica que é "unha radio feita por e para a cidadanía" con "un sentido local", e o feito que sexa libre relaciónase con que "non emitimos publicidade, nin recibimos ningún tipo de subvención, autoxestionámonos".

Desde Ferrol queren deixar claro que están abertos á participación cidadá, mais dun xeito libre e sen ningunha intencionalidade, "cómpre facerlles chegar e comprender a que tipo de medio se achegan, co fin de non reproducir fórmulas comerciais ou apoloxistas". O que se pretende é que se proporcione unha información o máis obxectiva posíbel para incentivar a reflexión. Ese debe ser un dos labores máis importantes dos medios comunitarios. E quen mellor que os propios cidadáns os que inviten aos seus semellantes a reflexionar. A cidadanía é quen mellor comprende como se consegue facer reflexionar ás persoas, porque eles perseguen iso. Sen embargo, desde os medios públicos e privados ven a reflexión coma unha ameza que pode facer que a audiencia deixe de seguir ese medio despois de pensar.

Un dos problemas máis importantes das radios comunitarias galegas e seguramente tamén das internacionais, é a regularidade da súa programación. Debido á ausencia de soldos, os períodos de vacacións acostuman alongarse, deixando baleiras as emisoras no verán. Desde Cuac FM contan que " paliamos a situación cun feixe pequeno de programas en directo e programas gravados" mais din que esa situación non lles agrada e xa están procurando novos métodos para poder mellorar a regularidade das súas emisións.

A relación entre as radios e os medios comunitarios en xeral faise cada vez máis patente, sobre todo a través da rede, con informativos como *Más Voces*, retransmitido en Cuac FM e elaborado pola Unión de Radios Libres y Comunitarias de Madrid (URCM). Por iso, aínda que a colaboración entre as radios libres e comunitarias de Galiza non sexa do máis fluída, a maioría delas relaciónanse directamente con outras asociacións, tanto estatais coma interestatais. Tamén a coruñesa Cuac FM está implicada de cheo na ReMC (Red Medios Comunitarios) debido tamén a que ten a súa "sede oficial" na cidade herculina. E desde Cuac FM tamén xa están organizando todo para ingresar en datas próximas en AMARC, a Asociación Mundial de Radios Comunitarias.


No tempo que vivimos a información resulta un ben de primeira necesidade. Mais temos que ter en conta que moitas veces as noticias que recibimos teñen o mesmo punto de vista en todo o mundo. Poida que os medios comunitarios sexan a solución para darlle diversidade ás novas, outro xeito de ver o mundo chegado desde a propia cidadanía, que incentive a reflexión e que non se someta aos intereses privados nin públicos. ¡Que a audiencia abandone a submisión e que tome os medios!









Unha lección de supervivencia a través da música de gaita

Ana Martín García.
Licenciada en Xeografía e Historia e en Xornalismo

Noites singulares, quizais estrañas, ou incluso atípicas foron ambas as dúas veladas da última edición do Constantino Bellón. Atípicas polo estraño que se fixo aló polo mes de novembro, escoitar o sons das gaitas inundando o espectacular aforo do Teatro Jofre. Singulares pola forza que puxo a orquestra do conservatorio superior de música da Coruña, ao interpretar as partituras gaiteirís nun frío serán de marzo.

Xa sei, xa sei, que o Jofre é un recinto moi acostumado a acoller no seu seo con agarimo e dozura o Certame Constantino Bellón, pero acadaba facelo nunha data que sempre crin inamovible, a de fins de agosto.

É coma se a música do máis tradicional dos instrumentos galegos estivera na miña memoria inevitablemente unida aos últimos solpores das vacacións, ao calor dun verán que comeza a se extinguir.

É, en definitiva, como se fose o roncón da gaita o sinal para que os fogos de Amboaxe comezasen a alumear de cores a enseada da Malata.

No 2009 non puido ser. Fose pola crise, fose por falta de información ou de coñecemento sobre a cultura dun pobo, faltaron os apoios. E aínda que os tempos dos choros deberan pertencer sempre ao pasado, cómpre lembrar ata a saciedade a importancia dun evento como o Bellón para que os pulos para seguir loitando polo certame non se extingan.

Sen dúbida todos os participantes do certame nesta XIX edición merecen os aplausos e loas do público que puido velos e escoitalos, pero o aplauso máis forte debemos dirixilo ao Ateneo Ferrolán, unha institución que nunca cesa na loita e que en cada empresa que acomete ensínanos unha lección de paciencia, de humildade e de teima.


Anos levan "tocando baixo a chuvia" dunhas goteiras xurdidas nun tellado que máis parecen os xardíns colgantes de Babilonia. Anos agardando unhas reformas que prexudicaron en moito a súa hemeroteca e biblioteca, onde dende algún antigo exemplar vetusto, Mariano José de Larra lémbranos, aínda hoxe, que nas cousas da administración aquilo de "volva vostede mañá..." segue a ser o pan noso de cada día...

A estes obstáculos lle engadimos os do recente certame Constantino Bellón que a piques estivo de non se celebrar. A Xunta de Galicia non foi quen de entender a relevancia do evento, xa non para Ferrolterra, senón para Galicia, para os galegos do exterior, e por suposto, para o mundo da música en xeral.

Que descubro eu se lles escribo nunhas liñas a relevancia que os sons da gaita tiveron e teñen para o rural galego, para as romarías, para as festas e os pasarrúas, para os recunchos onde hoxe os mozos xúntase para compoñer e facer música fusión, para o folk, para o tradicional e o moderno? Non descubro nada...

A gaita é un símbolo da Galicia coa que permitimos que moitos turistas nos torpedeen os oídos cando mercan esas agudas réplicas miniaturizadas dun euro. Pero, á marxe de simpáticos tópicos, é un orgullo que nos leva as



mans ao corazón e as bágoas aos ollos cando a escoitamos fóra da terra. É parte do ser galego…

Por iso non se entende que cando existe un certame que nos dignifica como pobo, que sabe respectar e elevar os seus signos e símbolos, non se lle dea o apoio que precisa. Porque ese empuxe non se lle nega ao Ateneo, nin ao propio Certame, négasenos a todos nós como colectividade que compartimos tantas lembranzas e vivencias cuxa banda sonora soa a alborada.

En fin. Supoño que haberá algún de vostedes que non puido asistir á gala deste pasado mes de marzo, cando se presentaban e interpretaban as partituras gañadoras do apartado de Composición. Pois téñolles que dicir que, non saben o que se perderon!!!! Tivemos maxia e sorpresas con forma de agasallos musicais que nos ofreceu a orquestra do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Foron eles e a música do xordo xenial os que levantaron o pano do teatro. Logo presentouse o dobre CD da edición anterior, por certo, unha edición moi coidada que xa está á venda. E a expectación ía medrando, cando se presentou a Javier María López Rodríguez, gañador dun dos accésits. E a pesar de que unha servidora, presentadora do evento, ten a tendencia de lle cambiar o nome a todo o mundo, Javier non perdeu o sorriso e con moita naturalidade subiu a escena para contarnos algunhas anécdotas, como o curioso nome da súa composición, "tumbaleira". Disque a súa nai, tiña tendencia a inventar palabras e de tales pais, tales fillos. Facendo a súa composición tiña preto dúas gaitas, unha de sonoridade grave TUMBALET e outra aguda GRILEIRA. Curiosa cousa esta de mesturar nomes… e sons… e xerar músicas ou palabras tan sonoras coma tumbaleira. É dicir que a min, cando escoite o nome, deume un arrebato fúnebre rosaliano, e busquei a negra sombra no que eu entendía que quería referirse a unha leira chea de tumbas, un camposanto, vaia!!! Menos mal que Javier, compañeiro de oficio, soubo levar a broma.

Javier é natural de Lugo pero con parte da súa alma convertida xa en picheleira e asentada dende hai tempo na cidade santa compostelá.

Conta Javier María que o primeiro instrumento que tocaron as súas mans foi unha gaita cando apenas contaba con dez ou once anos. Logo, vese que o verme musical picou nel e entrou de cheo no mundo da música, estudando no conservatorio, e mesmo converténdose pasados os anos en profesor de música, tanto no conservatorio como na ensinanza secundaria.

Esta bagaxe como mestre levouno a publicar varias obras de carácter pedagóxico. Pero Javier ten unha teima coa composición, unha teima bastante exitosa por certo, pois foi xa gañador deste certame no ano 2005 e accésit no certame do 2008.

Gústalle compoñer, diso non cabe dúbida, préndelle a música contemporánea, que aínda que soe estraño, Javier considera moi afín e próxima á tradicional. Este 2010 vai amosar todas as súas posibilidades musicais en Santiago de Compostela, cidade que terá unha ampla oferta cultural neste ano santo e aló escoitarase o nome e a obra de Javier María López Rodríguez con tanta forza como puidemos facelo nós na pasada data.

Xunto a nós estivo tamén, Jesús Rodil Rodríguez, primeiro premio de Composición 2009.

Natural de A Coruña. É un músico moi novo pero non por iso inexperto. Esta a piques de rematar a carreira musical de composición e foi dentro do conservatorio, cando un dos seus profesores Mario Seoane, vendo as súas calidades animouno a participar neste certame. Con moita humildade Jesús confesaba que non pensou que puidera gañar, pois era a primeira peza que compoñía para gaita…

Unha composición, por certo, que naceu nun primeiro momento cando





a súa ollada se cruzou coa pintura de "Lugrís". Ese foi tan só un punto de partida do que pouco a pouco, paseniñamente foron brotando notas que lle pedían unha composición moi rítmica, con percusións, con instrumentos de corda, para que a gaita se sentise tan libre como cando soa ao aire libre. Algo así como xerar unha atmosfera onde a gaita viva en completa liberdade na compaña dun tema popular que servese de base a idea central.

E o resultado impresionou, tanto pola súa fermosura, como pola calidade interpretativa da orquestra do conservatorio da Coruña, a quen Jesús deu as grazas dun xeito moi agarimoso pois moitos dos intérpretes eran compañeiros de estudos e de soños.

A velada prolongouse de xeito moi afortunado e xa na noitiña, compartimos un ágape cos premiados e os músicos. Aló estaban os membros do Ateneo e tamén, membros do goberno municipal, o señor alcalde, Vicente Irisarri, e os concelleiros Mercedes Carbajales e Ramón Veloso, a quen temos que agradecer o seu esforzo por apoiar ao certame no momento máis crítico da súa historia. Pero agora tan só quedan os desexos para a XX edición.

Oxalá que o vindeiro, e veciño xa, mes de agosto poidamos devolverlle ao Teatro Jofre esa maxia do noso.

Oxalá que ninguén teña que gardar en un caixón as súas composicións para gaita e orquestra, nin teñan que deixar en barbeito as máxicas mans deses gaiteiros (ou gaitistas que se din algúns) que son quen de extraer dende o máis profundo suspiro dun fol, melodías que en ningún outro lugar, en ningún outro momento poderán ser escoitados.

Por iso hai que saber dar as grazas os que souberon apreciar o Bellón e alentalo con cariño e con esforzo. Xente como a familia Seivane, que colabora, acude, anima é exemplo de vida musical. E como non, ao Concello de Ferrol, que non quixo deixar morrer unha iniciativa que está a piques de cumprir as dúas de décadas de vida.

XVIII CONCURSO DE GAITA
CONSTANTINO BELLÓN

Gravación feita en directo o día do concurso en Ferrol

C.D. 1

Santiago Agustín Molina (Arxentina)
1 Longa Noite. *Santiago Agustín Molina* (3:28)
2 O Gualicho *Santiago Agustín Molina*(2:47)

Isidro Vidal Gallardo(Ourense)
3 Camiño a Ferrol *Isidro Vidal Gallardo* (2:28)
4 Estrela que brila *Isidro Vidal Gallardo* (3:00)

Gonzalo Manuel Abelairas Lemos (Ourense)
5 Romance dun vello gaiteiro. *G. M. Abelairas L.* (2:53)
6 Tres cores. *G. M. Abelairas L.* (2:51)

Jordi Torres Piñeiro (Bos Aires Arxentina)
7 Gauchinha. *(David Bellas García)* (2:04)
8 Xota dos recadadores. *Ernesto Campos* (3:51)

Ricardo Manuel Mouriño Freire (Ferrol)
9 Ofertorio+Folfurado. *E. Campos + A. Sánchez* (3:04)
10 Chamalle como queiras. *Fernando Dopico* (2:48)

Daniel Lumbreras Rodríguez (San Sebastián)
11 O Chono. *Daniel Lumbreras* (1:27)
12 Variacions heteroxeneas sobre un tema tradicional. *trad. + Paulo González* (3:03)
13 Muiñeira de Xinzo. *trad.* (1:47)

Pablo Devigo Vázquez (Castrocaldelas)
14 Abime des oiseaux +xota da utopia.
Oliver Messiaem + Pablo Devigo. (4:56)

José Manuel Mojón Pérez (Ourense)
15 Os pastores de Simil. *J.Manuel Mojón Pérez.* (2:34)
16 Solucions o unisono. *J. Manuel Mojón Pérez.* (2:28)

Bruno Villamar Gay (Lugo)
17 Cançom segunda do mimo morto (olhos de auga). *Paulo Momo.* (1:58)
18 Espertar. *Bruno Villamor.* (2:34)

TODOS XUNTOS
19 Olvide. *Daniel Bellon.* (2:27)

Pablo Devigo Vázquez (gañador)
20 Abime des oiseaux + xota da utopia.
Oliver Messiaem + Pablo Devigo. (3:19)

C.D. 2

David Bellas García+Orquestra de cámara Saiva Nova
1 Historia de amor en si bemol, para gaita, violín e piano
David Bellas (11:27)

Javier María López Rodríguez+Saiva Nova
2 A derradeira sintaxe,para gaita e orquestra de corda
J.M. López (10:37)

Peza gañadora 2008
Pablo Devigo Vázquez+Saiva Nova
3 Bria,para gaita solista en do,cordas e piano. *Pablo Devigo* (6:41)

Orquestra de cámara Saiva Nova
4 A rianxeira. *Trad.* (3:44)



M. Patiño





Inés López-Berini

ATENEO FERROLÁN · SARGADELOS · Seivane · Concello de Ferrol · DEPUTACIÓN DA CORUÑA · XUNTA DE GALICIA

XVIII CONCURSO DE GAITA
CONSTANTINO BELLÓN

Producción
Ateneo Ferrolán

Gravación e mixturas
Servicio producción Radio Galega

Técnicos
Miguel Novás /Pablo Barreiro

Coordinación
Victor F. Gabeiras

Cerámica da portada
Sargadelos

Debuxo
Luis Seoane

Deseño
Pluma Estudio Gráfico

Colaboran
Xunta de Galicia
Cosellería de Cultura e Deportes
Obradoiro Seivane
Concello de Ferrol
Deputación da Coruña
Sargadelos





Ateneo Ferrolán

PROGRAMACION

ABRIL ✪ MAIO ✪ XUÑO 2010

✪ RADIO FILISPIM 93.9daFM "ATENEA"

A nova grella filispiniana, inclúe o programa que realiza o **Ateneo Ferrolán, "Atenea"**.

En principio, o programa terá unha periodicidade mensual, aínda que se a cousa funciona e a xente se anima, poderiamos chegar a semanal.
Desde o **Ateneo Ferrolán**, facemos un chamamento aos socios e socias para que, se lles interesa, se animen a participar nesta nova actividade radiofónica e axuden a facer o programa.

O programa Atenea, emitirase en **Rádio FilispiM 93.9 da FM**:

Luns: 21:00hs. - 22:00hs. [Diferido]
Mércores: 20:00hs. - 21:00hs. [Directo]
Sábados: 15:00hs. - 16:00hs. [Diferido]

CONSULTA A GRELLA FILISPINIANA







✪ CÍRCULO DE PENSAMENTO "CIRPÉN" no ATENEO FERROLÁN
PRÓXIMAS CITAS mércoles **5 de maio** e **2 de xuño** ás **20 horas**

A filosofía é a ciencia que trata da esencia, propiedades, causas e efectos das cousas naturais.
Círculo de pensamento filosófico do Ateneo. Reúnense un bo número de persoas a reflexionar sobre as distintas realidades da vida, profundando nelas, en busca da razón.

✪ CLUB DE LECTURA
OS PRÓXIMOS DÍAS SON: **4 DE MAIO E 1 XUÑO, ÁS 19,30 horas.**

Dende o ano 2002 que formamos no Ateneo Ferrolán o noso CLUB DE LECTURA, segue levándose a cabo
Todos os primeiros MARTES DE CADA MES.
Diferentes autores foron os escollidos para os nosos encontros como: Juan Rulfo, Gabriel García Márquez, Manolo Rivas, Dámaso Alonso, J. Sénder, Machado, García Lorca, Miguel Delibes, Julio Cortázar, Vargas Llosa, Valle Incán, Eduardo Mendoza, Sábato, Saramago, Gil de Bietna, Pío Baroja, Lendas galegas, teatro, José Luis Sampedro, Julia Uceda, ...etc.

✪ PRESENTACIÓN DOCUMENTAL "ENTRE LINGUAS"
VENRES 11 XUÑO 2010 ÁS 20,30 horas

Este documental "Entre Linguas", ten directores e equipo integramente galegos e é un estudio filolóxico que mostra como en distintas zonas fronteirizas, nas que o portugués conflúe co español, estes entrelázanse e dan como resultado dialectos que son utilizados día a día pola poboación local e que son claramente similares ao galego que utilizamos actualmente en Galicia.



O ATENEO FERROLÁN .... ZONA WIFI!





✪ EXPOSICIÓN

CÁCERES CAPITAL CULTURAL EUROPEA 2016

??KDAJ

Unha exposición que fai visible a importancia da cidade de Cáceres como entidade Patrimonio da Humanidade (que xa o é) e candidata a ser capital cultural europea no 2016. Exposición composta por 22 cadros entre pinturas e fotografías nas que se mostran distintos enclaves desta cidade e 6 van xuntas nun políptico.

✪ EXPOSICIÓN

FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS NO XX CERTAME FOTOGRAFÍA MEDIO AMBIENTE 2010

Venres día 4 DE XUÑO ás 20,30 horas


Inauguración e Lectura do Fallo do Xurado.



O **Ateneo Ferrolán,** con motivo da celebración do **Día Mundial do Medio** Ambiente, organiza coa colaboración da Concellaría de Medio Ambiente e da Concellaría de Educación do Concello de Ferrol un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes Beses.

Descarga as bases do 2010
www.ateneoferrolan.org



MARTESCINE
NO ATENEO FERROLAN - CICLO

"DICIMOS GALEGO"



Centro Galego de Artes da Imaxe **www.cgai.org**

As proxeccións serán os **MARTES ás 19:00hs.** no Salón de Actos do Ateneo Ferrolán (A entrada é de balde)

6 ABRIL

"O ANO DA CARRACHA" (2004)

Director **Sam Wood**

Intérpretes **Félix Gómez, Javier Veiga,Verónica Sánchez,María Vázquez,Víctor Clavijo,Camila Bossa, Mela Casal, Celso Parada.**

Sinopse: Fran rematou a carreira e vese obrigado a introducirse no mercado laboral e converterse nun adulto. Como moitos outros mozos na súa situación, ve o seu futuro con medo. Pero ten unha vantaxe, o seu amigo Morgan, algo máis vello ca el, atopou unha forma de evitar ese futuro tan incerto e angustioso: converterse nunha carracha perfecta, nun parasito social.

13 ABRIL


"O BAILE DAS ÁNIMAS" (1994)

Director **Pedro Carvajal**

Intérpretes **Angela Molina, Mónica Molina, Dorotea Bárcena, Joaquim de Almeida, Ana Alvárez, José Conde Cid, María Pujalte, Manuel Lorenzo, Rosa Álvárez, Julio Lago, Paloma Cela, José Sacristán, Luisa Merela, Beatriz Graña, Carmen Castro, Amalia Gómez, Maruja Fernández Varela, Joaquín Lens, Roberto Alvárez, Santiago Prego, Vicente Mohedano, Amanda Español, José María Méndez, Xosé Manuel Olveira "Pico", Baby Studio**

Sinopse: Corre o outono de 1948. Mónica é unha rapaza que escapou do internado de monxas de Madrid -onde a ten recluída o seu pai autoritario, Agostiño,- para reunirse con súa nai, Adela, que vive un certo exilio na súa casa de campo nos arredores da Coruña debido ás súas ideas liberais e republicanas. Mónica non sabe por que seu pai, sendo ela moi nena, a levou con el cando se separou de súa nai. Desde entón non a volveu a ver. A causa remóntase a quince anos atrás, antes da guerra, cando -durante o tradicional baile de véspera de defuntos, o halloween, que se celebraba nesa casa, -a única irmá de Adela, Irma, tirouse por un acantilado ao saberse encinta do seu cuñado Agostiño. Tampouco a Mónica ninguén lle falou da existencia da súa tía Irma.



20 ABRIL

"COTA VERMELLA" (2003)

Director **Jordi Frades**

Intérpretes **Ana Álvarez, Josep Linuesa, Manuel Regueiro, Mónica van Campen, Hans Richter.**

Sinopse: Un grupo terrorista secuestra un mercante cargado de material explosivo coa intención de lle impedir atracar no seu destino e desvialo.

27 ABRIL

"DÁME ALGO" (1997)

Director **Héctor Carré**

Intérpretes **Nancho Novo, Chete Lera, Rosa Morales, Nathalie Seseña, Evaristo Calvo, Andrés Lima, César Sánchez, Sonia Jávaga, Dorotea Bárcena, Roberto Cairo, Paco Catalá, Xulio Lago, Manuel Millán, Moisés Ousinde, Ignacio Pérez Silva, Mercedes Castro, Antonio Simón, Manuel Areoso, Pablo Viña, Camilo Rodríguez, Celia Bermejo, Juan Manuel Navas, Enrique Villanueva, Juan Imedio, Juan Carlos Gómez, Carlos Bernal, Emilio Colmenar, María José Barroso, Carmen Herrero, Carlos Romay, Javier Lazar, José Pedro Carrión, Donato, Charly.**

Sinopse: Dáme algo é a historia de Benigno, un tipo culto pero sen sorte. Orfo e que acaba de saír da cadea, encóntrase de fronte cunha realidade que lle dá as costas. Na compaña dos seus colegas indixentes -Tribulete, Boni, Marta, e Chori- decide un bo día organizar un secuestro no albergue onde pasa a maior parte do tempo. Aproveitando a presenza dunha cámara de televisión, Benigno dispara sobre unha monxa, a nai Teresa, e ameaza con facer unha carnicería se non lle deixan dirixir e protagonizar o seu propio show en directo. Marisol, a presentadora máis famosa da televisión local, cobre a noticia desde o interior do albergue secuestrado coa esperanza de chegar ela mesma a ser unha estrela da televisión a nivel nacional. Mentres, as forzas vivas da cidade -o comisario Ballesteros, o alcalde e o director televisivo- empéñanse en complicar as cousas.

4 MAIO


"GALEGO" (1988)

Director **Manuel Octavio Gómez**

Intérpretes **Sancho Gracia, Jorge Sanz, Manuel Galiana, César Diéguez, Linda Mirabel, Antonio Ferrandis, Fiorella Faltoyano, Álvaro De Luna, Francisco Rabal, Roslía Dans.**

Sinopse: Manuel é un de tantos mozos galegos de principios de século que deciden emigrar a Cuba para seguir os pasos daqueles que, de cando en vez, chegan á aldea presumindo da súa boa situación. Na viaxe coñece un polisón co que traba amizade e co que sufrirá as súas primeiras penalidades. Unha vez en Cuba consegue colocarse como carboeiro até que Fabián, un paisano de Ponteareas, o emprega como repartidor. Fabián convértese no seu protector e tratarao como un fillo até a súa morte. Pasan os anos. Manuel decide regresar a Galicia e reunirse cos seus pero, xa na aldea, dáse de conta de que aquela vida xa non é para el. Entón decide marchar a Madrid, onde o acolle Aniceto. Estala a guerra civil e, despois de loitar no bando republicano, acaba nun campo de concentración francés. Pero o seu amigo Aniceto non tarda en reclamalo desde A Habana, onde Manuel comezará a súa vida, casado cunha mulata e abrindo un bar con Aniceto como socio. Chegan as fillas e transcorre o tempo. Manuel asistirá á caída de Batista e ao triunfo da revolución. Vivirá na illa até a súa morte, pero nunca esquecerá a súa terra de orixe.



11 MAIO

"SANTA LIBERDADE" (2004)

Directora **Margarita Ledo Andión**

Sinopse: En xaneiro de 1961, o transatlántico español de luxo "Santa María" foi secuestrado polo DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación), un comando revolucionario formado por españois e portugueses coa finalidade de denunciar as ditaduras de Franco en España e a de Salazar en Portugal, e así captar a atención mundial. O "Santa María", no seu percorrido habitual de Caracas a Vigo e Lisboa, desapareceu no mar e durante trece días o buque cambiou de nome polo de "Santa Liberdade".

18 MAIO

"URXA" (1989)

Director **Alfredo García Pinal, Carlos A. López Piñeiro**

Intérpretes **Luma Gómez, Raquel Lagares, Alfonso Valenzuela, Laura Ponte, Vicente Montoto, Luis Lemos, Carlos Vilavó, Manuel Bouzón, Pancho Martínez, Teresa Horro, Anxel Goday, Juan Corral, César Silvent, Blanca Cendán, Miguel de Lira, Feli Manzano, Teresa Barral, María Xosé Bouzas, Tucho Lagares, Ernesto Chao, Miguel Pernas, Salomé Lorenzo, Teresa Nájera**

Sinopse: Urxa conta tres momentos na vida dunha muller durante o século actual na sociedade galega. O seu rol máxico vencellado ao contorno sociocultural e á natureza, da que é preservadora e "medium". No primeiro episodio, O medallón de Urxa, prodúcese o relevo no oficio: unha vella transmítelle o espírito e os saberes á súa sucesora adolescente, filla única dunha casa que desaparece se ela segue outros vieiros. Encádrase a acción a comezos de século e como fondo temos o valor cultural da "casa" no medio rural. Anos 40. O prestixio da "casa" e os seus compoñentes é aquí o motivo central. Cómplice dun indiano, de quen se conta agochou a súa fortuna nun sitio descoñecido, Urxa-Ádega salvagarda no Arcón de Petro Xesto a vida e a memoria do seu amigo da nenez. De seguido os elementos urbanos veñen a incidir na cultura máxica rural. Os que eran protagonistas no medio de seu deixan aparentemente de selo. No ídolo de Milder un arqueólogo provoca o desenlace dunha vella lenda narrada por Urxa. Nada troca, só que os valores e as ideas toman outras formas.

25 MAIO


"O XOGO DAS MENSAXES INVISIBLES" (1991)

Director **Juan Pinzás**

Intérpretes **Antonio Ferrandis, Eusebio Poncela, María Barranco, José Luis López Vázquez, Mayrata O'Wisiedo, Raúl Freire, Pablo F. Corbacho.**

Sinopse: A película conta a historia de dous escritores, unha nai xa defunta e o seu fillo, Pancho, de setenta anos de idade, illado nun pazo en Galicia, non lonxe do mar e atendido por unha criada anciá e insondable. Irrompe o pasado coa inesperada visita dun home que vinte anos atrás fora secretario de Pancho. Pouco despois, un rapaz, fillo dese home, instálase no pazo... e as consecuencias dese pasado empuxan a historia cara a un final tráxico, irónico e insospeitable.



A GUERRA DOS CORPOS

Por Lupe Ces

Escoitamos falar da guerra que se livra polo controlo dos recursos energéticos, a mais descarnadamente directa, que bombardeia, assassina, destrue países inteiros. Escoitamos também a diário, falar da guerra contra o terrorismo, que é a bandeira que se ondeia como escusa para desatar essas guerras de destrucçom. Mas também sabemos da que se livra polo controlo do espaço. Os satélites amoream-se porque também formam parte da guerra polo controlo da informaçom. A guerra tecnológica tem na espionagem e sabotagens, as suas melhores armas, fronte aos primeiros brotes de tecnologia conseguida baixo sistemas de criaçom livre e colectiva. Mas a guerra que se livra no corpo das mulheres, só se visibiliza nalgumha das suas expressons, e nom se analisa como um todo global que persegue, o mesmo que no caso da energia, e os recursos naturais, o controlo da potencialidade do corpo e a mente das mulheres, e o poder simbólico que ao longo dos tempos jogou para manter os poderes religiosos, políticos ou de supremacia dumhas culturas sobre outras.


A guerra nos corpos das mulheres tem umha das batalhas mais virulentas no controlo da sua capacidade reprodutora. O aborto voluntário é o cabalo de batalha dos poderes religiosos das distintas confessons, e tem no conservadorismo político o seu maior aliado. Vai associado a outros objectivos como som a capacidade de controlo por parte das mulheres da maternidade, e a potencialidade sexual e em geral, de autodeterminaçom das mulheres, extendida a todos os aspectos e momentos da sua vida. Atinge a todas as mulheres e todas som vítimas ou de criminalizaçom e repúdio social, ou de condenar-se de por vida a umha existência ajustada a normas morais que sacralizam a desigualdade, a dor e a abnegaçom de obrigado cumprimento, nom de livre eleiçom.

Esta batalha, que tivo umha primeira parte, exitosa para as mulheres em quanto abriu novos espaços de direito, na década dos setenta do século passado, revive agora em todo o planeta, também na Europa do século XXI. As mulheres que temos abortado voluntariamente, somos acusadas de assassinato desde os púlpitos, e desde os médios de comunicaçom que, faltando ao código ontológico mais básico, fam de altifalantes da Conferencia Episcopal sem, salvo contadas excepçons, colocar quando menos, ao mesmo nível a argumentaçom e a presença das defensoras dum direito fundamental como é a soberania do próprio corpo. E todo isso sem que essas acusaçons diárias de assassinato, tenham nengumha conseqüência. Só umha conjuntura política que mantém em certas estruturas do poder político a feministas, novas e velhas, falo da Ministra de Igualdade, mas também das suas assessoras, fam possível que se avance nos direitos das mulheres e das moças. Umha conjuntura que pode virar em qualquer momento.

Ainda desde sectores progressista, como se dumha purgaçom de culpa se trata-se, dramatiza-se o aborto, falando dumha decissom difícil, de um trago amargo ao que as mulheres se tenhem que agarrar como última opçom, quando um aborto, nas primeiras semanas de gestaçom, que é no que se realizam a imensa maioria, poderia ser umha intervençom de ambulatório, sem mais trascendência. O que é um trago amargo é passar por abortos clandestinos onde as mulheres que nom perdem a vida, podem ficar com lessons para sempre. É um direito traer umha criança desejada a este mundo, e também é um direito vir a este mundo como um ser desejado, porque alguém quere dar-che a vida e comprometer-se contigo para sempre.

A ofensiva nom é exclusiva da hierarquia católica espanhola, nem sequer da hierarquia católica assentada



no Estado do Vaticano. O integrismo religioso, evangelista, islámico, budista, judeu, batalha polo poder no útero das mulheres. Somos expulsadas do nosso próprio corpo, para viver para sempre baixo um poder alheio. Em EEUU mesmo se assassina a médicos que praticam abortos. Em Polónia, onde o aborto é ilegal e só se permite nuns supostos moi restritivos, umha campanha associa nestes dias, nas vaias publicitárias, o aborto com Hitler, pretendendo concienciar à povoaçom da necessidade da ilegalizaçom total. Em Nicarágua, depois de ter conseguido a lei mais avançada em América latina, no século passado, baixo o governo Sandinista, fortemente tutelado pola hierarquia católica, aprovou-se a proibiçom total. E assim em todo o planeta, alzan-se vozes em defessa dum "código genético que pode chegar a ser pessoa", presente já no momento da fecundaçom do óvulo, mentres a Injustiça e a Desigualdade, seguem devorando seres vivos, arrincando do colo das suas nais a seres indefensos ante a guerra, a fame e a pobreza.


Outra fronte de batalha é a que condena às mulheres a ser as portadoras do símbolo cultural dos povos. As mulheres portamos a esência da cultura ou da religiom, seja nos costumes associados a momentos importantes da nossa existência, nascimento, morte, emparelhamento ... ou no nosso jeito de mostrar-nos ao mundo, bem na vestimenta ou no espaço que ocupamos, ou na nossa linguagem corporal. Muitos países que tinham esquecido o uso do velo nas mulheres, recuperam assim este costume para marcar umha diferença cultural e religiosa, em oposiçom aos símbolos ocidentais de permissividade na vestimenta das mulheres. A resistência ao Império, que invade e usurpa os seus territórios e recursos, com cruentas guerras, é expulsado do corpo das mulheres , onde se instala a esência do islamismo cultural e político, e também da identidade diferenciada das mulheres fronte a identidade das mulheres que vivem baixo os desígnios das normas imperiais.

Também, o Império, baixo a desculpa de liberar o território do corpo das mulheres, dos seus velos de opressom, justifica guerras como a de Afganistam, com extensons nom tam directas, mas sim igualmente devastadoras em Paquistam, Bangladês, Iemem, ou o mesmo Iram. Cada medida repressora ou limitadora em ocidente do uso da vestimenta simbólica, nom vai conseguir o efeito libertador que presumivelmente se persegue. Antes bem, cargara-se mais de simbolismo na medida que seja foco de atençom nas sociedades dominantes. Sociedades que, co seu poder político, militar e económico fixérom emerger, fronte a movimentos laicos e democráticos, um forte sentimento identitário que vê nos integrismos religiosos, umha resposta às agressons que padecem constantemente.

As mulheres em ocidente sofremos os nossos bombardeios mediáticos para que nos esforcemos para dar a medida do corsé que estigmatiça as enrugas, as canas, passar dos centímetros e quilos estipulados, ou ficar curta. O êxito das operaçons estéticas, a todas as idades e em todos os sectores sociais, com algumha diferencia marcada sobre todo polo poder aquisitivo, visibiliza esses outros velos, nom impostos por hierarquias religiosas ou políticas, mas sim por um patriarcado que segue a ter a vara de medir o corpo das mulheres, e a maneja, neste caso, ao ritmo que precise o mercado. Operaçons de peitos, de lábios, de nariz, liposuçons, reconstruçom de himens e na última fornada, operaçons de reducçom dos lábios da vulva.

Neste ambiente belicista, a prostituçom é a nai de todas as batalhas no corpo das mulheres. O importante nesta batalha nom é se as mulheres optam voluntariamente ou nom, a vender uns serviços sexuais, poderíamos entóm pôr fim a esta guerra simplesmente perseguindo um delito de rapto e escravitude laboral. Tampouco se trata de se com essa actividade se lucram proxenetas, ou





as conexons destas redes co tráfico de armas ou estupefacientes. Sabemos de delitos contra a Humanidade de grandes Coorporaçons Económicas, ou mesmo o que supom a fabricaçom e venda de armamento. A prostituiçom, forçada ou nom, simboliza o domínio, mediante compra, dos corpos das mulheres, o afianzamento dumha sexualidade, que deita no mesmo leito a satisfacçom e livre decissom das partes (suponhendo que estas existam), coas leis do mercado, e um modelo sexual alienado coa opresom. Eis a iniciaçom sexual de miles de moços no nosso tempo. Analfabetos nas relaçons afectivo-sexuais que afiançam estereótipos machistas nos prostíbulos, onde triunfa a sua masculinidade no espelhismo do cerco e conquista facilitado polos euros.


Este ano lembramos o centenário da celebraçom do 8 de Março, como umha data de reivindicaçom dos direitos das mulheres. Volvíamos umha vez mais a vista atrás, para admirar ainda mais as loitas das mulheres sufragistas. A sua batalha foi polo direito ao voto. Por conseguir o que os nossos companheiros revolucionários franceses nos negárom na constituiçom da Primeira Repúbica de 1792. Se pensamos na batalha desatada no corpo das mulheres, temos que respirar profundamente e ser conscientes dos retos que temos por diante para conseguir a soberania sobre os nossos corpos. O feminismo que pretende transformaçons sociais de tanto calado, longe de ter conseguido avanços importantíssimos, semelha que como umha criança, só começou a dar os primeiros passos.

Março do 2010


Lupe Ces Rioboo
981946412 - 652201003
http://lupeces.blogspot.com/






Ateneo Ferrolán



O PARNASO

UXIO NOVONEYRA

LETANÍA DE GALICIA

GALICIA digo eu ún di GALICIA
GALICIA decimos todos GALICIA
hastr'os que calan din GALICIA
e saben sabemos

GALICIA da door chora á forza
GALICIA da tristura triste á forza
GALICIA do silencio calada á forza
GALICIA da fame emigrante á forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á forza

libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fuxir libre pra fuxir

GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda

recóllote da TERRA estás mui fonda
recóllote do PUEBLO estás n'il toda
recóllote da HISTORIA estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa





LIBERTÁ *chamas nos ollos tristes*

LIBERTÁ chamas nos ollos tristes nas caras do METRO
nos que xa perderon o futuro e ganan o pan con sobresalto
na gran cidade nos tesos cumes i en todo o silencio preguntando.

Vélante os xóvenes
i os que saben da morte e xuntan inseguranza e desamparo.
Cando vexo un neno penso en ti
e si oio un bruído sin nome coido que ti chegas i acude todo o sangre.

Todo bruído sin nome é un agoiro.





MIGUEL HERNANDEZ

Hijo de la luz y de la sombra

(Hijo de la sombra)

Eres la noche, esposa: la noche en el instante
mayor de su potencia lunar y femenina.
Eres la medianoche: la sombra culminante
donde culmina el sueño, donde el amor culmina.

Forjado por el día, mi corazón que quema
lleva su gran pisada del sol adonde quieres,
con un sólido impulso, con una luz suprema,
cumbre de las montañas y los atardeceres.

Daré sobre tu cuerpo cuando la noche arroje
su avaricioso anhelo de imán y poderío.
Un astral sentimiento febril me sobrecoge,
incendia mi osamenta con un escalofrío.

El aire de la noche desordena tus pechos,
y desordena y vuelca los cuerpos con su choque.
Como una tempestad de enloquecidos lechos,
eclipsa las parejas, las hace un solo bloque.

La noche se ha encendido como una sorda hoguera
de llamas minerales y oscuras embestidas.
Y alrededor la sombra late como si fuera
las almas de los pozos y el vino difundidas.

Ya la sombra es el nido cerrado, incandescente,
la visible ceguera puesta sobre quien ama;
ya provoca el abrazo cerrado, ciegamente,
ya recoge en sus cuevas cuanto la luz derrama.

La sombra pide, exige seres que se entrelacen,
besos que la constelen de relámpagos largos,
bocas embravecidas, batidas, que atenacen,
arrullos que hagan música de sus mudos letargos.


Pide que nos echemos tú y yo sobre la manta,
tú y yo sobre la luna, tú y yo sobre la vida.
Pide que tú y yo ardamos fundiendo en la garganta,
con todo el firmamento, la tierra estremecida.


El hijo está en la sombra que acumula luceros,
amor, tuétano, luna, claras oscuridades.
Brota de sus perezas y de sus agujeros,
y de sus solitarias y apagadas ciudades.

El hijo está en la sombra: de la sombra ha surtido,
y a su origen infunden los astros una siembra,
un zumo lácteo, un flujo de cálido latido,
que ha de obligar sus huesos al sueño y a la hembra.

Moviendo está la sombra sus fuerzas siderales,
tendiendo está la sombra su constelada umbría,
volcando las parejas y haciéndolas nupciales.
Tú eres la noche, esposa. Yo soy el mediodía.





II

(Hijo de la luz)

Tú eres el alba, esposa: la principal penumbra,
recibes entornadas las horas de tu frente.
Decidido al fulgor, pero entornado, alumbra
tu cuerpo. Tus entrañas forjan el sol naciente.

Centro de claridades, la gran hora te espera
en el umbral de un fuego que al fuego mismo
abrasa:
te espero yo, inclinado como el trigo a la era,
colocando en el centro de la luz nuestra casa.

La noche desprendida de los pozos oscuros,
se sumerge en los pozos donde ha echado raíces.
Y tú te abres al parto luminoso, entre muros
que se rasgan contigo como pétreas matrices.

La gran hora del parto, la más rotunda hora:
estallan los relojes sintiendo tu alarido,
se abren todas las puertas del mundo, de la aurora,
y el sol nace en tu vientre, donde encontró su nido.

El hijo fue primero sombra y ropa cosida
por tu corazón hondo desde tus hondas manos.
Con sombras y con ropas anticipó su vida,
con sombras y con ropas de gérmenes humanos.

Las sombras y las ropas sin población, desiertas,
se han poblado de un niño sonoro, un movimiento,
que en nuestra casa pone de par en par las puertas,
Y ocupa en ella a gritos el luminoso asiento.

¡Ay, la vida: qué hermoso penar tan moribundo!
Sombras y ropas trajo la del hijo que nombras.
Sombras y ropas llevan los hombres por el mundo.
Y todos dejan siempre sombras: ropas y sombras.

Hijo del alba eres, hijo del mediodía.
Y ha de quedar de ti luces en todo impuestas,
mientras tu madre y yo vamos a la agonía,
dormidos y despiertos con el amor a cuestas.

Hablo, y el corazón me sale en el aliento.
Si no hablara lo mucho que quiero me ahogaría.
Con espliego y resinas perfumo tu aposento.
Tú eres el alba, esposa. Yo soy el mediodía.








III

(Hijo de la luz y la sombra)

Tejidos en el alba, grabados, dos panales
no pueden detener la miel en los pezones.
Tus pechos en el alba: maternos manantiales,
luchan y se atropellan con blancas efusiones.

Se han desbordado, esposa, lunarmente tus venas,
hasta inundar la casa que tu sabor rezuma.
Y es como si brotaras de un pueblo de colmenas,
tú toda una colmena de leche con espuma.

Es como si tu sangre fuera dulzura toda,
laboriosas abejas filtradas por tus poros.
Oigo un clamor de leche, de inundación, de boda
junto a ti, recorrida por caudales sonoros.

Caudalosa mujer: en tu vientre me entierro.
Tu caudaloso vientre será mi sepultura.
Si quemaran mis huesos con la llama del hierro,
verían que grabada llevo allí tu figura.

Para siempre fundidos en el hijo quedamos:
fundidos como anhelan nuestras ansias voraces:
en un ramo de tiempo, de sangre, los dos ramos,
en un haz de caricias, de pelo, los dos haces.

Los muertos, con un fuego congelado que abrasa,
laten junto a los vivos de una manera terca.
Viene a ocupar el hijo los campos y la casa
que tú y yo abandonamos quedándonos muy cerca.

Haremos de este hijo generador sustento,
y hará de nuestra carne materia decisiva
donde asienten su alma, las manos y el aliento,
las hélices circulen, la agricultura viva.

Él hará que esta vida no caiga derribada,
pedazo desprendido de nuestros dos pedazos,
que de nuestras dos bocas hará una sola espada
y dos brazos eternos de nuestros cuatro brazos.

No te quiero en ti sola: te quiero en tu ascendencia
y en cuanto de tu vientre descenderá mañana.
Porque la especie humana me han dado por herencia,
la familia del hijo será la especie humana.

Con el amor a cuestas, dormidos y despiertos,
seguiremos besándonos en el hijo profundo.
Besándonos tú y yo se besan nuestros muertos,
se besan los primeros pobladores del mundo.





EXPOSICIÓN MARCO A. CERRÓN

3/21/10 7:04 PM



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202, Ferrol

www.ateneoferrolan.org